

PROPOSTA DE ACTIVIDADES PARA EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMEIRO CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA 25N

ASEMBLEA: En asemblea explicaremos que é “Tratarse ben”. Para iso poñeremos nome ás accións que significan tratarse ben: acompañar, tocar, masaxear, dar a man, escoitar, amar, alimentar, bicar, axudar, compartir, prestar... As nenas e os nenos explicarán que persoas os tratan ben e que é o que fan para que noten que foron tratados e tratadas ben .

ACTIVIDADE 1: Colorear as letras da frase “Trátame ben”, que acompañará ao mural que se elaborará na actividade tres.



ACTIVIDADE 2: Lectura ou visionado dos contos “Arturo e Clementina” e “Rosa caramelo”. Pódense realizar diversas actividades como, por exemplo, realizar un debuxo da historia, ou por grupos pódese dar unha versión alternativa ao conto, analizamos os sentimentos dos personaxes e ofrecemos entre todos/as bos exemplos de relacións: Son estas as relacións que queremos? Como debería tratar a Clementina?: dicirlle que lle queremos, convidarlle a xogar, contarlle algo gracioso, preguntar se lle podemos dar un abrazo, axudarlle se ten un problema, pero nunca tratalo mal.

Rosa Caramelo: [ROSA CAMELO Cuentos sobre la IGUALDAD DE GENERO para niños - YouTube](#)

Arturo y Clementina: [Arturo y Clementina - YouTube](#)

ACTIVIDADE 3: Para traballar os estereotipos podemos partir do visionado de contos como: “Hai algo máis aburrido que ser unha princesa rosa?, Pepota e Cogombro, O neno que non quería ser azul e a nena que non quería ser rosa; Eu quero ser.

Hai algo máis aburrido que ser una princesa rosa?: [CUENTO HAY ALGO MAS ABURRIDO QUE SER UNA PRINCESA ROSA? - YouTube](#)

Pepota e Pepino: [✓ \[Cuento infantil\] Pepota y Pepino \[Igualdad y Coeducación\] #6 - YouTube](#)

O neno que non quería ser azul e a nena que non quería ser rosa: [El niño que no quería ser azul, la niña que no quería ser rosa - Patricia Fitti - Cuento Diversidad - YouTube](#)

Eu quero ser: [📖 Cuento Igualdad 🏡 Yo quiero ser 🏡 \[Profesiones Igualitarias \] #6 - YouTube](#)

ACTIVIDADE 4: A VERDADEIRA HISTORIA DE CARAPUCHIÑA VERMELLA. Visionado dunha versión diferente do conto tradicional e posterior comentario sobre os cambios introducidos na historia.

[A verdadeira historia de Carapuchiña - YouTube](#)

Posteriormente pódese animar aos alumnos e alumnas a que sexan eles quen cambien a historia dalgún conto que coñezan onde estean presentes os estereotipos de xénero.

ACTIVIDADE 5: ADIVIÑA O SENTIMENTO Para introducir a actividade achegamos aos nenos ao concepto de emoción. Facemos unha choiva de ideas sobre que emocións coñecen, podendo relacionalas con diferentes situacións do día a día. A continuación, un dos participantes expresará unha emoción, e os demais membros terán que adiviñar de cal se trata. Unha vez que o sentimento foi nomeado, os nenos poden discutir formas saudables de expresar emocións e como tratar a alguén no caso de que experimenten ese sentimento. Tamén se poden ir nomeando distintas situacións que provoquen diversas emocións para que se estableza un diálogo sobre que emoción é, como nos sentimos ao tela, como a transmitimos aos demais, como podemos cambiala, etc. Este xogo fomenta a empatía e axuda aos nenos para desenvolver habilidades para recoñecer e nomear emocións.

Recursos que poden servir de exemplo: [Role playing de emociones lamediapt.pdf - Google Drive](#)

